



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

RESOLUCIÓN

ASUNTO: Sesión Plenaria de carácter extraordinario celebrada o 19 de xuño de 2026

EXPEDIENTE: 2026/G003/000207

ANTECEDENTES:

Tendo en conta a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno acordada na sesión organizativa celebrada o 30 de xuño de 2023, a seguinte sesión ordinaria debe celebrarse o 9 de xullo de 2026. Porén, faise necesario celebrar unha sesión extraordinaria a fin de ter aprobado o acordo regulador do prezo público da piscina municipal con carácter previo á súa apertura o 1 de xullo de 2026.

O Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Coirós (BOP nº 21 do 02.02.2010) regula o funcionamento do Pleno na Sección 1ª do Título III, artigos 22 a 48.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Convocar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación para o venres 19 de xuño de 2026 ás 14.00 horas, coa seguinte

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación do prezo público da piscina municipal do Concello de Coirós. Nº Expediente 2026/G015/000001.

Segundo.- Notificar a convocatoria da sesión aos membros da Corporación e remitirles a documentación a través do correo electrónico.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).